



A CASA MUSEO DE DÍAZ CASTRO A CASA DA XENTE

Xermolos Asociación Cultural Guitiriz
Concello, 9 Baixo - 27300 - Guitiriz
Tfno: 982 372 040



INTRODUCCIÓN:

A Asociación Xermolos recibiu da familia do poeta Díaz Castro a casa na que naceu, xa moi abandonada. Xa antes recibira do mesmo poeta a súa obra inédita, manuscritos e obxectos persoais... No seu momento, sobre todo no 2014, devolveu ao pobo a creación do poeta, convencidos de que unha achega tan prometedoras é de todos, e non so patrimonio de Xermolos.

Arestora quere facer outro tanto coa casa do escritor porque pensa que hai casas con alma, que gardan unha memoria especial e que convidan a soñar e crear novas iniciativas, nesta liña queremos recuperar esta casa coma museo.

Neste compromiso con Galicia a través da manda do poeta, Xermolos está en débeda co poeta porque quedou impactada por uns dos derradeiros poemas seus que escribiu no seu local:

“Tódolos mórtos de Galiza, ergueitos,
xa protéstan a bérros pola terra perdida,
polas casas envóltas en silvas e feitos,
polo sangue zugado dunha eterna ferida”

1 - MUSEO

Museo onde conservar o patrimonio do poeta e doutras e outros creadores. Temos recollido os mobles e ferramentas da casa do poeta, e dedicaremos varios recantos a espazos senlleiros. Esta casa foi a primeira escola e vivenda dun mestre oficial nesa parroquia de Os Vilares, emporiso imos montar unha aula ao xeito dos anos 20... Ao poeta gustáballe o cinema, e a sala para relatorios, proxeccións, etc, vai contar cunhas butacas do vello cinema de Guitiriz. Contará cun tear coma o que tiña a súa tía na casa, con ferramentas dos oficios dos seus parentes: carpinteiro, canteiro, labregos, etc. Noutro recanto, o máis persoal de Díaz Castro, estará o que foi o seu espazo de lectura e ocio, no seu retorno a Guitiriz.

Arestora o IES de Guitiriz xunto con Xermolos teñen creadas rotas ata o Vilariño de centros de ensino procedentes de todo o país, onde nenas e nenos do Instituto fan de guías, explicando toda a contorna da casa: construcións populares, flora, fauna, labores do agro, etc., sen poder penetrar na casa por risco de ruína. Tamén ao pé da casa, nunha palleira restaurada, hai un centro de interpretación da obra de Díaz Castro aberto pola Deputación e o Concello, así como unha Rota da Pedra.





2 - CASA DA XENTE

Esta aldea, O Vilariño, xa se converteu en meta de encontro para centros de ensino, visitas e excursións de colectivos, sendeiristas, etc. Xermolos non só quere que sexa un museo, quere que teña vida e actividade cada día coma espazo de debate e dinamización do rural: cooperativismo, montes comunais, produtos ecolóxicos. Para os veciños/as contaremos cunha sala de xogos, lectura, música, etc., nun rural tan necesitado de espazos de encontro e ocio.

Outra referencia para esta Casa da Xente é convertela nun espazo de obradoiros e acampada para a mocidade. Seguindo a liña de xermolos como asociación xuvenil imos organizar olimpíadas de xogos populares,



3 - POUSADA DE CREADORES

Botamos de menos en Galicia lugares para acoller creadores: escritores, escultores, fotógrafos, pintores, etc., como existen noutros países. Esta casa tan ampla vai ter un espazo aberto a eles, mesmo o recanto máis creativo do poeta, amoblado cos elementos que el utilizou nos seus momentos de ocio na visita diaria que facía á Biblioteca de Xermolos, no seu retorno a Galicia, onde escribiu as súas derradeiras poesías. A contorna é marabillosa para disfrutar dunha paisaxe única, emporiso a restauración.

Queremos converter este Fogar dos Poetas dos Ríos nun CENTRO DINAMIZADOR da nosa cultura con proxección en todo o país, mesmo como base de datos dos recursos culturais, ecolóxicos, artísticos da Terra Chá, ata o punto de promocionar a Terra Chá, ata Mondoñedo, coma o que é unha “patria creativa”, facendo convenios con establecementos de hospedaxe, casas rurais, pensións, balnearios, para acoller con condicións especiais a creadoras e creadores que necesitan tempos e lugares axeitados para crear e dar a coñecer a súa obra. Neste terreo serán fundamentais as redes sociais e as novas tecnoloxías. Porque a Terra Chá é unha xeografía especial irrigada por ríos e regatos que son as veas que renovan a cotío a nosa paisaxe. As e os creadores chairegos inspíranse nos ríos.



COMA UN RÍO

Coma un río quixera eu ser: cantar
con estrelas no lombo cara ó mar,
deixando unha chorima en cada pedra,
e unha bágoa de Deus en cada herba.

Hai unha cousa clara coma o sol:
prós nosos ollos no está feita a lus
do mundo, o abrente frío que se abreu
cando abrimos os ollos sobre o
mundo.

E eu coma a néboa sobre os outos
montes
que lles cobre a ferez e mailas bágoas;
e eu coma a estrela que entra polo oco
do lousado do pobre na agonía.

Hai unha cousa clara coma a lus:
que no é pra nós a música do mundo,
a promesa raiante da hora enorme
en que se dixo: ¡outro home véu ó
mundo!

E eu coma un fondo río de recendos,
de voces e de luces: coma o aire,
que beixa todo e non se apousa en
nada
máis que no sangue, na raíz do
sangue...”

4 - O FOGAR DOS POETAS DOS RÍOS

Díaz Castro non atopou mellor manancial para a súa creación e vida que os ríos, tal coma cantou en varios poemas:

O Azúmara de Iglesia Alvariño, o Magdalena de Chao Rego ou Agustín Fernández Paz, o Miño de Manuel María, o Rañego medido a hectómetros literarios... Nestes recantos queremos promocionar o que son os recursos naturais que provocan tanta creatividade: os ríos vagarosos, as chairas abertas que se perden no horizonte convidando a soñar, as veigas que mergullan misterios que abrollan nos humedais e lagoas, etc...

A filosofía deste museo non ten lindes e concebimos a literatura unida a todas as artes, emporiso unha das achegas é a colección de máis de sesenta táboas de Anxo Lamas dedicada a outros/as tantos escritores da Terra Chá e que Xermolos converteu nunha das súas mensaxes, porque do mesmo xeito que o pintor converteu táboas (vigas, portas, trabes) en obras de arte, o mesmo queremos facer nós coa Casa de Díaz Castro, convertela nun verxel de vida e cultura, nunha mostra do rural máis vivo.

5 - CAMPO DE TRABALLO PARA ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS E ARQUEOLÓXICAS

Conscientes de que non se valora o que non se coñece, queremos en colaboración coas administracións promover campos de traballo que den a coñecer os tesouros medioambientais e arqueolóxicos da comarca, dirixidos sobre todo á MOCIDADE que é a que máis necesita destes estímulos, mesmo para navegar polas redes sociais porque so vai valorar as outras culturas cando de feito, viva e aprecie a súa.

Esta Casa vai ser a punta de lanza para informar e atraer a xente doutros pobos que queiran enchouparse da nosa cultura chairega. Así o fixemos saber na nosa visita ao Parlamento Europeo o 7 de decembro do 2016. Sempre programaremos estas visitas cos centros hosteleiros da comarca demostrando o perfil da Chaira coma un manancial creativo, sendo fieis ás súas raíces coma terra de canteiros, escultores, escritores, gastronomos/as, labregos e labregas...

